



# ISSGA **Alerta**

INSTITUTO DE SEGURIDADE E SAÚDE LABORAL DE GALICIA

*Recomendacións  
preventivas  
de actuación ante  
**árbores apoiadas  
enganchadas***



XUNTA  
DE GALICIA



## 1\_ Definición

Denomínase árbore apoiada/enganchada a aquela árbore que está sosti-  
da por outras árbores próximas.

## 2\_ Recomendacións xerais

Lembra que unha  
árbore apoiada/  
enganchada é un  
risco.

Planificar os  
traballos e seguir  
un procedemento  
de traballo axeitado  
axuda a prever  
que as árbores  
queden apoiadas/  
enganchadas

- Planifica correctamente os traballos.
- Emprega procedementos seguros e axeitados para a corta polo pé.
- Se malia todo acontecese que, ao derrubar unha árbore, esta queda apoiada sobre outra árbore, derrúbaa canto antes, utilizando sempre un procedemento de traballo seguro.

### Extrema as precaucións en situacións tales como:

- Leiras nas que xa existen árbores apoiadas/enganchadas debido a derribas por ventos etc.
- No momento de comezar un aproveitamento manual dunha leira polo interior da masa forestal debido a distintas causas (presenza de edificacións, estradas, liñas eléctricas, danos a leiras colindantes etc).
- En tarefas de corta manual con motoserra durante un aproveitamento debido a erros de planificación, execución incorrecta de técnicas de corta polo pé etc.
- En traballos de clara/entresaca cando se realiza a corta polo pé de xeito manual.

## ③\_\_Recomendacións específicas

As tarefas que realices para desenganchar unha árbore apoiada, poden desencadear situacións perigosas, polo que debe procederse con extremo coidado.


Libera as árbores enganchadas/apoiadas en canto sexa posible. Deixar unha árbore enganchada/apoiada supón un perigo importante para todo o que acceda a esa zona.

### Traballos previos

- Non transites, nin traballes na zona de influencia de caída da árbore enganchada, mentres non se realice a corta polo pé segura da árbore.
- Avisa a todo o persoal da localización da árbore enganchada.
- Asegúrate de que ninguén entre na zona de influencia de caída da árbore.
- Revisa a existencia de pólas inseguras na zona de traballo.
- Avalía con detalle as posibles traxectorias de caída da árbore para elixir o método de corta máis seguro.
- Non abandones o monte sen delimitar a zona de influencia de caída da árbore enganchada (p.e. con cinta de alta visibilidade).

## Derriba de árbores

No caso de árbores que consideres que poidas voltear manualmente con seguridade, lembra:



- 1 Corta a bisagra, empezando polo seu centro e mantendo unha pequena parte desta no lado sobre o que queres que vire a árbore.
- 2 Con axuda dunha panca de derriba, empuxa en dirección contraria a onde te atopas, tal e como se observa na imaxe.


### **IMPORTANTE:**

Utiliza os equipos axeitados para cada traballo, e segue as instrucións facilitadas polo fabricante.

A información e formación suficiente e axeitado ao teu posto de traballo, e debes dispoñer de autorización do teu responsable para o equipo que vaías utilizar.

Cando teñas que utilizar medios mecánicos, selecciona o máis axeitado en función das condicións do lugar de traballo, do arboredo, e as limitacións da maquinaria:


- Guindastre máquina de saca/procesadora
- Cabrestante máquina de saca/procesadora
- Cabrestante manual ou tráctel



Engancha a árbore pola parte inferior do tronco (o máis abaixo posible) e tira dela ata que caia ao chan.

Os operarios que participan na operación situaríanse fóra da zona de perigo (zona de caída da árbore a derrubar e zona de alcance en caso de rotura do cable).


Recoméndase o uso de cabrestantes manuais de corda en lugar dos de cable, para evitar os perigos derivados da rotura do cable.



## ④\_Lembra

**1\_NUNCA** permanezas/transites na zona de influencia da árbore enganchada/apoiada se non é para abatela de xeito seguro.

**2\_NUNCA** cortes unha árbore sobre a que hai outra enganchada/apoiada.



**3\_NUNCA** derrubes unha árbore sobre outra árbore enganchada/apoiada.

**4\_NUNCA** gabees por unha árbore enganchada/apoiada para intentar baixala ao chan.



**NUNCA TRABALLES DE XEITO ILLADO NO MONTE**





ISSGA.XUNTA.GAL

*Recomendacións preventivas de actuación ante  
**árbores apoiadas / enganchadas***



INSTITUTO DE  
SEGURIDADE E SAÚDE  
LABORAL DE GALICIA